CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Rele os propios textos e corrixe os erros, desenvolvendo o espírito crítico		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.		Baleiro	0
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e

Contidos

- preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Procesos: produción oral.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Aplicación de normas ortográficas relativas á puntuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
12	Axogar!	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita.Extrae a idea principal.	PE	54
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Recoñece e emprega o vocabulario novo.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Recomenda unha película.Aporta dúas razóns polas que a valora.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Valora e comprende o significado de textos sinxelos adaptados a súa idade.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escribe un pequeno texto que sepoida publicar nun blog sobre os nosos dereitos e deberes.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le e responde preguntas sobre un texto dado.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le un texto literario e responde preguntas sobre o memos.Explica se lle gustou ou non,dando unha razón.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un poema no que faltan palabras		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Completa unha fábula coñecida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega a coma nunha enumeración.		
CA6.3.1. - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre os substantivos e os adxectivos, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Aplica a norma de concordancia entre o substantivo e o abxectivo.		
CA6.5.1. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (nome) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas básicas sobre a categoría gramatical(nome)		
CA6.5.3. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (artigo) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas básicas sobre a categoría gramatical(artgo)		
CA6.5.5. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (verbo) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas básicas sobre a categoría gramatical(verbo)		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Exprésase sen facer uso discriminatorio da lingua.	TI	46
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais.Respecta as normas de cortesía.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Emprega a lingua galega nas interaccións orais que o demandan.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega o tono axeitado, respectando as diferenzas entre compañeiros/as.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa a súa opinión e respecta a dos/as compañeiros/os.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Distingue un blog e unha páx web		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitada a súa idade.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Dramatiza un texto teatral.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Dado un tema, argumenta dando dúas razóns a favor ou en contra.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega a linguaxe para facer discriminacións.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e valora o emprego escrito do galego.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Dadas dúas fontes, compara, extrae información e evita dualidade.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Selecciona e contrasta información dunha variedade de fontes, incluída fontes dixitais.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Selecciona e contrasta información dunha variedade de fontes, incluída fontes dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información.	Participa na dramatización de textos teatrais.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Relaciona fábulas coas súas ensinanzas e con refráns.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Identifica a rima dun poema.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Rele os propios textos e corrixe os erros, desenvolvendo o espírito crítico.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquire novo vocabulario	Baleiro	0
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.			
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Contexto - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega.

Contidos

- Procesos: interacción oral
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Aplicación de normas ortográficas de certos fonemas e grafemas
- Aplicación de normas de cohesión do texto: mantemento do tempo verbal.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

Contidos

- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendemos a metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas orientadas a posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados potenciando o desenvolvemento das competencias clave dende unha perspectiva transversal.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos

obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Incidiremos a nivel metodolóxico nos seguintes aspectos:

- A aprendizaxe significativa que fomente o desenvolvemento dun pensamento eficaz, crítico e creativo. Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- Promover a motivación intrínseca do alumnado, vinculada á responsabilidade, á autonomía e ao desexo de aprender.
- A preparación para a resolución de problemas da vida cotiá como elemento motivador para a aprendizaxe.
- Promover metodoloxías activas, participativas que esperten o interese e o gusto por aprender.
- O fomento da creatividade a través de tarefas e actividades abertas que supoñan un reto para o alumnado en todas as áreas.
- O desenvolvemento de destrezas básicas que potencien aspectos clave como a lectura, o debate e a oratoria.
- Fomentar a autonomía nas aprendizaxes que leva consigo o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender como elemento fundamental para a aprendizaxe ao longo da vida.
- A inclusión das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como recurso didáctico do profesorado, pero tamén como medio para que o alumnado explore as súas posibilidades para aprender, comunicarse e realizar as súas propias achegas e creacións utilizando diversas linguaxes.
- Lograr un bo clima de aula que lle permita ao alumnado centrarse na aprendizaxe e lle axude no seu proceso de educación emocional.
- A atención á diversidade do alumnado como elemento central das decisións metodolóxicas que leva consigo realizar accións para coñecer as características de cada alumno ou alumna e axustarse a elas.
- Fomentarase o uso de estratexias de intelixencia emocional para o achegamento do alumnado á xestión das súas emocións, desenvolvendo principios de empatía e resolución de conflitos.
- A combinación de diversos agrupamentos, valorando a titoría entre iguais e a aprendizaxe cooperativa como medios para favorecer a atención de calidade a todo o alumnado e a educación en valores.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto do alumno da editorial seleccionada.
Vídeos didácticos.
Ordenador de aula e proxector.
Libro dixital de dita editorial.
Dicionario de lingua galega.
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiabiles.
Recursos na rede.
Xogos didácticos.

Biblioteca escolar de aula e do centro.
Periódicos e revistas.
Material funxible.
Aula virtual do centro.

Ademais dos expostos, empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado. Os recursos materiais se conciben como recursos flexibles, abertos e cambiantes en función das necesidades e situacións de aprendizaxe que se irán sucedendo ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Descibir as características básicas dos diferentes contados de maneira oral e escrita.
- Identificar as ideas iniciais do alumnado a través de aplicacións como Plickers.
- Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre as distintas temáticas.
- Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	7	9	9	9	9	9	9	9
Proba escrita	60	40	36	37	42	43	57	62	56	62
Táboa de indicadores	40	60	64	63	58	57	43	38	44	38

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	65	54	52
Táboa de indicadores	35	46	48

Criterios de cualificación:

A cualificación da área terá en conta a seguinte ponderación

- Probas escritas: 50%
- Traballo en aula (realización de tarefas, organización e limpeza do caderno, autonomía, participación,...): 30%
- Outras probas computables (exposición de traballos, probas orais, rexistos observacionais, etc): 20%

Criterios de recuperación:

Dado que o currículo de educación primaria establece que debe darse unha avaliación continua e global, no caso de non superar algunha das tarefas ou probas deseñadas, buscarase a súa recuperación a través da impartición dos seguintes contidos e a realización de actividades posteriores, que reforcen eses coñecementos.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica.

Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X		X		
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X		X		X		X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X		X			
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X		X		X	X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X			X		X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.				
ET.2 - Expresión oral e escrita.				
ET.3 - Comunicación audiovisual.				
ET.4 - Competencia dixital.				
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.				
ET.7 - Educación para a paz.				
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).				

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de biblioteca.	Contacontos, animación á lectura.	X	X	X
Actividades promovidas polo Departamento de Dinamización da lingua galega.	Samaín, o Magosto, Día das Letras Galegas, entroido...	X	X	X
Asistir a representacións teatrais.	Selección dunha das obras ofertadas para escolares no auditorio.	X		

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:

Integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das unidades didácticas foi adecuada?
A maioría do alumnado obtivo unha cualificación positiva na área?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?

Metodoloxía empregada
Logrouse a participación activa de todo o alumnado?
Empregaronse diferentes estratexias e/ou recursos para a presentación de contidos e novas situacións de aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporáronse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse medidas de RE para o alumnado que as precisou?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Ofreceuse a cada alumno/a as explicacións individualizadas necesarias?
Clima de traballo na aula
Logrouse crear un clima de aula que favoreza a aprendizaxe?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo unha coordinación continua entre o profesorado do grupo-aula?

Descrición:

Os indicadores anteriormente sinalados avaliaranse de forma trimestral a través de listas de control, co obxectivo de realizar un seguimento tanto do proceso de ensino-aprendizaxe como da propia práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é unha guía da nosa labor que deberá someterse a revisión continua co cara a valorar o grao de adquisición dos obxectivos e o grao de desenvolvemento das competencias clave por parte do alumnado; así como o grao de desenvolvemento da programación didáctica e a propia práctica docente.

Os resultados desta avaliación permitirán tomar decisións co fin de modificar, se é preciso, aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe, para favorecer o desenvolvemento académico e persoal de todo o alumnado.

Este seguimento e avaliación farase de maneira continua, especialmente ao remate de cada trimestre e ao remate do curso escolar, valorando os diferentes aspectos de consecución da mesma.

Para realizalo empregarase unha lista de control na que se avaliarán os indicadores de logro recollidos no apartado 8.1. da presente programación, onde se analizan diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento e cumprimento da programación como a temporalización das unidades didácticas, a metodoloxía ou a coordinación.

Esta avaliación realizarase de maneira individual e en coordinación co resto de equipo docente. A partir da valoración dos diferentes apartados da programación levaranse a cabo accións de mellora como a adaptación ou modificación de aspectos curriculares, metodoloxía, tempos, proposta de actividades de reforzo e ampliación e a adopción de medidas de atención á diversidade que sexan necesarias, tanto ordinarias como extraordinarias.

Ao final do curso a información obtida da avaliación da programación farase constar na memoria final, onde se recollerán as dificultades atopadas, xunto coas medidas adoptadas, de ser o caso; e se fará fincapé nas propostas de mellora a adoptar para o próximo curso escolar.

9. Outros apartados